



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 714 Semana do 23 ao 29 de xaneiro de 2107

PRETO DE 70.000 FOGARES TEÑEN A TODOS OS ACTIVOS NO PARO E 37.100 NON PERCIBEN INGRESOS

UGT-GALICIA REXEITA UNHA RECUPERACIÓN ASENTADA NA XENERALIZACIÓN DA PRECARIIDADE

A taxa de temporalidade volve a valores elevadísimos, do 26,7 por cento, un punto máis que hai un ano. O 61 por cento dos traballadores a tempo parcial o están de xeito involuntario

Redacción.- Ante os datos da EPA feitos públicos este xoves, a Comisión Executiva de UGT-Galicia manifesta o seu rexeitamento a unha suposta recuperación asentada na xeneralización da precariedade. O Sindicato denuncia a fragilidade do modelo e considera que a crise e a reforma laboral deixaron un rastro de precarización do mercado laboral e dos dereitos dos traballadores, producindo un aumento dos niveis de desigualdade ata situar a preto do 30 por cento da poboación española en risco de pobreza ou exclusión social.

Urxe outra política económica e social, centrada nas persoas. Unha política que reduza o desemprego, que cree emprego de calidade e con dereitos, que mellore os salarios da poboación, para estimular o consumo e o investimento e se consiga así consolidar a recuperación, nunha senda de crecemento sostido.

Concretando os datos que se facilitaron este xoves, estes indican que en Galicia no cuarto trimestre de 2016, en relación ao trimestre anterior, a ocupación cae nun 0,8 por cento, 8.300 persoas ocupadas menos. Con respecto ao cuarto trimestre de 2015, a ocupación medra nun 1,7 por cento, por debaixo do 2,29 por cento estatal. Así, a taxa de ocupación sitúase en Galicia no 44,7 por cento, afastada dos valores previos á crise, superiores ao 50 por cento, e inferior aos niveis actuais do Estado, onde se sitúa no 48 por cento. En cifras absolutas, o número de acupados en Galicia acada as 1.049.600 persoas.

O desemprego cae en Galicia no trimestre nun 1,21 por cento, 2.500 persoas menos, fronte á baixada do resto do Estado do 1,92 por cento. No ano cae en Galicia no 8,32 por cento e nun 11,33 por cento no Estado.

Deste xeito, hai 204.200 persoas en situación de desemprego en Galicia, segundo a EPA. Tamén se detecta que continúa a diminución da poboación de 16 ou máis anos. 4.500 persoas menos no ano e, deste total, 2.600 menores de 25 anos. Isto evidencia que cada vez hai menos poboación en idade de traballar e un mercado laboral cada vez

máis contraído.

Analizar as cifras da EPA por provincias conduce a realidades laborais ben diferentes dentro de Galicia. A provincia de A Coruña presenta o mellor escenario, tanto en actividade, como en ocupación, desemprego e temporalidade. Destacan, por outro lado, as provincias de Pontevedra e Ourense polas altas taxas de paro.

Un dato que nos arroxan as estatísticas e que a UGT-Galicia lle preocupa, e moito, é o referido á situación dos fogares. Un total de 69.600 fogares galegos teñen a todos os seus activos en situación de desemprego, medrando un 55,4 por cento en relación ao 2009. Pero é que 37.100 fogares galegos a día de hoxe non perciben ningún tipo de ingreso, un incremento nada máis e nada menos que do 88,3 por cento en relación tamén ao 2009. Unha situación, a xuízo do Sindicato, insostible que está a conducir a moitos fogares a límites próximos á pobreza e exclusión social.

Por sectores, a ocupación, con respecto ao trimestre anterior, cae en todos, salvo no primario, onde aumenta en 5.400 persoas no trimestre. En relación ao ano anterior, medra en todos os sectores, salvo na construción, no que cae en 5.100 persoas.

Outro dato significativo é a taxa de paro que se sitúa no 16,3 por cento, máis elevada entre as mulleres, nun 17 por cento. E, certamente, alarmante, no caso do menores de 25 anos, do 36,6 por cento. Case 37 persoas menores de 25 anos de cada cen activos está no paro en Galicia.

Hai en Galicia 825.200 persoas asalariadas, caendo no trimestre nun 1,52 por cento, en maior medida que o total da ocupación. Se ben é certo que o cuarto trimestre está moi influenciado polas contratacións de nadal, tamén o é que se se compara coa temporada estival, tamén con altos niveis de contrata-



ción, obsérvase unha clara caída.

Por tipo de contratación, no trimestre diminúen tanto os asalariados con contrato indefinido como os que teñen contratos temporais, aínda que moito máis estes últimos. Sen embargo, en termos interanuais, eliminando compoñentes estacionais, mantense a indefinida e medra nun 6,23 por cento a temporal.

De feito, a taxa de temporalidade retoma valores elevadísimos, do 26,7 por cento, un punto máis que hai un ano, a pesar de que se supón que a recuperación está máis presente.

Para UGT-Galicia, o maior movemento de asalariados con contrato temporal, en relación aos de contratos indefinidos, amosa os altos índices de rotación existentes no mercado laboral galego.

Outro aspecto do mercado de traballo que lle preocupa moito ao Sindicato é o desemprego de longa duración. Hai 118.900 desempregados que levan máis dun ano nesta situación e 88.800 que levan dous ou máis na procura de emprego.

Por outra banda, e afondando na precariedade do mercado laboral galego, hai que destacar que se rexistra unha taxa de parcialidade involuntaria que xa acada os 61 puntos. É dicir, que de cada cen persoas que teñen en Galicia un contrato a tempo parcial, 61 están nesta situación dun xeito involuntario, basicamente, por non ter atopado outra saída laboral. Ademais, hai que salientar que o 14 por cento dos ocupados o son con xornada a tempo parcial.

OS EMPREGADOS PÚBLICOS ABREN UN CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS EN GALICIA PARA DEMANDAR A “RECUPERACIÓN DOS DEREITOS ROUBADOS”

Redacción.- A secretaria xeral da Federación galega de empregados e empregadas dos Servizos Públicos de UGT-Galicia (FeSP), Irene Martínez, deu a coñecer este martes en rolda de prensa as causas, todas as reivindicacións e o calendario de mobilizacións que afecta ao persoal funcionario, laboral e estatutario dependente da Xunta. Esta campaña desenvolverase baixo o lema “Servizos públicos: Recuperación de dereitos roubados”.

É, polo tanto, unha campaña de mobilizacións en defensa do dereito a negociación colectiva e recuperación de dereitos roubados que afecta a ensino, sanidade e Administración autonómica, convocada baixo o lema “Servizos públicos: Recuperación de dereitos roubados”.

Segundo a Xunta de Galicia, este sería o ano da recuperación, tras máis de oito anos de recortes de dereitos, rebaixas salariais, destrución de emprego, privatización de servizos e sacrificios sen fin. O certo é que os Orzamentos autonómicos para 2017 son máis do mesmo.

A Lei 1/2012, de medidas temporais, prorrogada nas sucesivas leis de orzamentos, contemplaba que a súa aplicación decaería coa mellora da situación económica de Galicia. En 2016 os datos publicitados pola Xunta confirman a mellora, polo que é obrigado devolver ás empregadas e empregados públicos os “dereitos roubados”.

A Xunta de Galicia convocou una Mesa xeral como mera formalidade que vulnera o dereito a negociación colectiva, procedendo UGT e CCOO a presentar recurso solicitando que se declare a convocatoria contraria a dereito, que se anule e se indemnice na contía dun euro ás organizacións sindicais.

FeSP denuncia que o Proxecto de orzamentos para o ano 2017 non contempla a recuperación de dereitos, nin incremento



Centos de delegados da área pública de UGT e CCOO concentráronse este mércores diante do Parlamento de Galicia

salarial, nin supresión de taxas de reposición e, ademais, acompañanse dun proxecto de Lei de medidas de contrarreforma da Lei do emprego público de Galicia que nalgúns casos vulnera pactos e acordos coas organizacións sindicais.

FeSP-UGT demanda que os Orzamentos de 2017 habiliten un proceso de negociación para a recuperación de dereitos roubados:

*Eliminación da taxa de reposición.

*Ofertas excepcionais de emprego en sanidade, ensino, Administración xeral e laborais.

*Recuperación real e efectiva do poder adquisitivo.

*Aplicación do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, na súa totalidade.

*Concursos de traslados, de xeito sistemático

e continuo, en toda a Administración autonómica.

*Recuperación de pactos e acordos suspendidos.

*Recuperación de dereitos suspendidos (IT, acción social, dereitos sindicais...).

*Estudo e tratamento da repercusión das sentenzas do TXUE sobre o traballo de duración determinada e a aplicación das mesmas.

Calendario de mobilizacións

25 de xaneiro: Concentración a partir das 12 horas diante do Parlamento de Galicia.

31 de xaneiro: Concentracións diante das sedes provinciais da Xunta a partir das 11 horas. A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

1 de febreiro: Concentración na explanada do Sergas a partir das 11.00 horas.

6 de febreiro: Concentración diante do Parlamento de Galicia a partir das 10 horas.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de **UGT** ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

CASE UN MILLÓN E MEDIO DE MULLERES SUBSISTEN CON PENSÍONS INFERIORES A 700 EUROS

A brecha nas pensións de xubilación sitúase nun 37,95%, a dos salarios no 23,25%

Redacción.- UGT sinala que pouco máis de dous millóns de mulleres puideron acceder a unha pensión de xubilación fronte a máis de tres millóns de homes e denuncia que a brecha salarial, que afecta ás mulleres ao longo da súa vida laboral, ten efectos sobre calquera tipo de pensión, en todos os réximes e en todas as clases, perpetuándose ao longo de toda a vida.

Se a brecha salarial sitúase actualmente no 23,25%, a brecha nas pensións de xubilación ascende ao 37,95%, xa que a contía media é de 742,81 euros entre as mulleres mentres que entre os homes ascende a 1.197,19 euros, unha diferenza de 454,38 euros. Estes 14,7 puntos de diferenza supoñen un aumento da brecha entre a vida activa e a xubilación dun 61,26%. Datos que reflicten a peor situación das mulleres na vellez, mesmo aínda que realizen un traballo remunerado ao longo da súa vida.

En todos os réximes da Seguridade Social a presenza de mulleres nas pensións de xubilación é inferior á dos homes, a excepción do SOVI (Seguro obrigatorio de Vellez e Invalidez), que é o que conta con pensións máis baixas.

Tras o SOVI, o Réxime de Autónomos, con máis de 500.000 perceptoras, é o que xera as pensións con menores contías.

Ademais, o sindicato subliña que a elevada brecha entre mulleres e homes nas pensións de xubilación vai aumentando coa idade, sendo a maior distancia (do 41,18%) entre as que teñen 75-79 anos e destaca que a presenza de mulleres na percepción de pensións de viuvez -significativamente máis baixas que as de xubilación- é do 91,95%. Este é o único réxime no que a brecha é negativa para os homes nun 25,70%.

As mulleres teñen unha presenza maioritaria nos tramos máis baixos das pensións, de feito, as perceptoras de pensións de entre 150 e 500 euros superan nun 330,09% aos homes con esas pensións. Son tamén maioría as que perciben pensións en-



tre 500 e 648,59 euros e case un millón e medio de mulleres (o 72,02% das mulleres que accederon a unha pensión de xubilación) sobreviven con prestacións inferiores a 700 euros brutos mensuais.

Á vista destes datos, o sindicato denuncia o incumprimento sistemático do Goberno en canto á posta en marcha de medidas correctoras nas carreiras de cotización das mulleres e comparte coa Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Xénero do Parlamento Europeo a necesidade de poñer en práctica a Estratexia para poñer fin á brecha de xénero en materia de pensións na UE - que incorpore, por exemplo, os períodos de atención e coidado de fillos, persoas con discapacidade ou persoas en situación de dependencia-.

Ademais, UGT considera que as medidas adoptadas en materia de cotizacións de quen traballa a tempo parcial, a maioría mulleres, son absolutamente insuficientes posto que tanto coa anterior regulación como coa actual, ven prexudicados polos baixos salarios e en consecuencia, moi baixas cotizacións. Algo que tamén sucede coas pensións de viuvez.

Servizo Social Obrigatorio da Muller

E, no caso de España, anima a aquelas mulleres que se viron obrigadas a prestar o Servizo Social Obrigatorio da Muller (establecido pola Sección Feminina segundo Decreto de 7/10/1937), a reclamar que compute para a xubilación tal e como se regulou para os homes co Servizo Militar.

O GOBERNO FOMENTA OS SISTEMAS PRIVADOS DE PENSÍONS COMO XA FIXO COA SANIDADE E A EDUCACIÓN

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, afirmou que o debate das pensións é "a batalla máis grande que temos por diante, porque as pensións son o último asalto ao noso Estado de Benestar despois de que o Goberno do PP deteriorase a sanidade e a educación. O fin último dos recortes do PP é privatizar os servizos públicos fundamentais".

Mari Carmen Barrera realizou estas declaracións durante unha xornada sobre pensións, organizada polo Sindicato, onde sinalou que o gasto en pensións "non pode ser unha escusa, porque estamos catro puntos porcentuais de PIB por baixo da media europea. O problema é ideolóxico. O Executivo vai detrás dos 85.000 millóns de euros das pensións contributivas".

"Non é normal que a Seguridade Social leve catro anos en déficit e o Goberno non fixese nin unha soa proposta para atallalo", considerou. "A Seguridade Social foi sempre excedentaria, pero o Executivo gastou

os recursos en pagos que non tiñan nada que ver co sistema e non o repuxo". Neste sentido, asegurou que "o déficit o xeraron eles con empregos e salarios precarios e gastando os recursos noutras cuestións, por este motivo, prolongar a vida laboral, como propoñen algúns, provocará unha rebaixa moito maior das pensións. Hai que compatibilizar as cotizacións cun imposto finalista ás pensións. Os impostos deben ser os garantes da política social. Por eses catro anos de déficit non podemos recortar a pensión de toda unha vida, non se pode consentir".

Este é un problema de presente e de futuro, xa que "se van a crear pensionistas pobres que van ter que ir aos fondos privados de pensión. O Goberno propón agora compatibilizar o traballo coa pensión, o que significa que non van ser o suficientemente decentes como para poder vivir e teremos que buscar traballos a tempo parcial para compensalas. É o modelo alemán, onde 1,2 millóns de pensionistas teñen que traballar porque a pensión non é suficiente para vivir".

Barrera lembrou que "a Seguridade Social é dos traballadores. Non imos chegar a ningún acordo que non garanta a viabilidade do sistema e que non asegure o mantemento do poder adquisitivo das pensións. Hai que deixar fora a reforma do PP de 2013, que contén un índice de revalorización que non só non revaloriza, senón que recorta ano a ano".

Por iso, "imos levar as nosas propostas aos grupos parlamentarios para que nos apoiem e derrogar esa lei de 2013. O Goberno xa vetou a proposición de lei de revalorización das pensións e aprobou unha subida ínfima do 0,25 para os pensionistas, pero debemos conseguir que se abra un debate no Parlamento sobre a suficiencia das pensións. Que todos os grupos achen as súas propostas para facer viable o sistema".

"Hai suficientes motivos para mobilizar á opinión pública". "É o momento de salvar as pensións", afirmou. "Temos un Congreso plural e é a oportunidade de garantir un dereito Constitucional".

AS POLÍTICAS DO PP DEBILITARON O MERCADO DE TRABALLO E O SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL

Redacción.- UGT denuncia que as políticas de recorte aplicadas polo Goberno do PP prexudicaron tanto ao emprego como ao Sistema Público de Pensións e, neste sentido, cualifica de "cínicas" as declaracións realizadas polo ministro de Economía, Luís de Guindos, no programa "El objetivo" de Ana Pastor, coma se o Goberno non tivese nada que ver cos actuais problemas do noso mercado de traballo ou o sistema de Seguridade Social.

Guindos afirmou que "as pensións están garantidas por todos os ingresos do Estado", pero non dixo que as pensións están garantidas pola Constitución e que o Goberno está obrigado ao seu pago. Tampouco dixo que o que vai garantir o Estado son unhas pensións baixo mínimos, se non se chega a un acordo consensuado e positivo no marco do Pacto de Toledo. O Goberno do PP, utilizando a súa maioría absoluta, na anterior lexislatura, desregulou o xa regulado e consensuado, impuxo reformas de maneira unilateral e modificou a normativa para superar o límite do 3% na utilización da hucha das pensións para 2015 e 2016. O resultado é que os pensionistas presentes e futuros perderán poder adquisitivo (se o Pacto de Toledo e o diálogo social non reconducen a situación) e que o Fondo de Reserva, que foi utilizado de

forma reiterada por parte do Goberno do PP, pasou de 66.800 millóns en 2011 a 15.020 en 2016. Para UGT -e iso non o dixo Guindos- é inconstitucional o recorte das pensións presentes e futuras que expuxo o PP.

UGT lembra que para facer fronte ao déficit da Seguridade Social bastaría con aplicar tres medidas fundamentais: acabar coas bonificacións á contratación das empresas con cargo á Seguridade Social; financiar os gastos en materia de Seguridade Social do Ministerio desde os Orzamentos Xerais do Estado (PXE); e destopar as bases de cotización. O sindicato reitera que é necesario reforzar os ingresos do Sistema de Seguridade Social, non só a través de cotizacións, senón tamén con impostos (as pensións non perderían así o seu carácter contributivo, tal e como establece na Disposición Primeira do Pacto de Toledo porque se financiarían fundamentalmente con cotizacións).

En canto ás declaracións de Guindos en materia de emprego, dicindo que "a precariedade é un problema do mercado laboral" e, ao mesmo tempo, ensalzando a reforma laboral de 2012, UGT lémbrale que foi a normativa laboral do Goberno do PP a que disparou a precariedade do emprego, deva-



luando o traballo e os salarios, algo ratificado por todas as estatísticas. Así, os últimos datos dos servizos públicos de emprego reflicten que cada vez hai máis temporalidade, precariedade e parcialidade involuntaria no emprego e unha menor protección por desemprego.

UGT considera que é preciso derrogar na súa totalidade a reforma laboral, que só conseguiu degradar as condicións laborais e a partir de aí impulsar un plan de choque polo emprego ao redor de tres obxectivos: incrementar a creación de emprego, mellorar a calidade do mesmo e garantir a igualdade de oportunidades. Desta forma, conseguiremos un crecemento real da economía, mellorará a competitividade exterior, intensificarase o proceso de desendeudamento da economía e diminuirán as desigualdades e a pobreza no noso país.

O GOBERNO ACOMETE UN NOVO RECORTE A UN DEREITO FUNDAMENTAL Á VEZ QUE ALARDEA DO CRECEMENTO ECONÓMICO

Redacción.- O novo recorte do Goberno, que supón a eliminación das axudas á pequena e mediana empresa para plans de igualdade, para avanzar na equidade salarial e para realizar posgraos de estudos de xénero e actividades nesta materia dentro do ámbito universitario, demostran o que lle importa ao Goberno a igualdade en xeral, e a de xénero en particular. É dicir, nada.

A supresión destas axudas e subvencións está vinculada á orde do Ministerio de Facenda de adiantar ao 20 de xullo o peche do orzamento de gastos e operacións non orzamentarias de 2016 co obxectivo de limitar o gasto público e cumprir co déficit.

Estes recortes súmanse aos efectuados, na lexislatura do 2012 ao 2016, que

alcanzaron o 20,9% (porcentaxe que se eleva a un 47,6% con respecto do orzamento de 2009, última referencia antes dos recortes). O insignificante e insuficiente aumento do 6,3% nos Orzamentos Xerais previstos para 2016 nas políticas de igualdade e na loita contra a violencia de xénero, tras os durísimos recortes, están a ter un impacto moi negativo e directo nas políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

UGT denuncia que o Goberno, e o seu presidente, Mariano Rajoy, utiliza a igualdade como bandeira cando interesa e, á hora da verdade, pretende perpetuar a brecha que a todos os niveis existe entre ho-



mes e mulleres no noso mercado laboral, reducindo os recursos destinados a este tipo de políticas de imprescindible xustiza social como é avanzar na igualdade de oportunidades e dereitos entre homes e mulleres.

A decisión é unha mostra máis da política do Goberno do PP, que se empeña en pintarse a cara social, pero que esconde novos recortes a dereitos fundamentais.

MÁIS TRABALLADORES PROTEXIDOS E MÁIS CONVENIOS NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA DE 2016

Redacción.- Durante o ano 2016 rexistráronse 2.956 convenios colectivos, que afectan a 7.466.750 traballadores de 931.179 empresas, e que negociaron unha subida salarial media do 1,06%, segundo o informe "Situación da negociación colectiva ata decembro de 2016", elaborado pola Unión Xeral de Traballadores.

No último mes do ano rexistráronse 103 convenios que cobren a 417.043 traballadores de 47.888 empresas e que obteñen unha subida salarial media do 0,88%.

Estes datos demostran que a negociación colectiva finaliza en 2016 cunha pronunciada recuperación do ritmo de negociación dos convenios: en decembro de 2016 hai rexistrados un 30,34% máis de convenios que os que había en decembro de 2015 e un 74,81% máis de convenios rexistrados que os que houbo en decembro de 2013.

En canto ao número de traballadores, en decembro de 2016 hai un 15,14% máis de traballadores cubertos que en decembro de 2015 e un 48,13% máis que en decembro de 2013. Pola súa banda, as empresas xa comezaran unha evolución á alza que viña reflectindo ano a ano, pero o novo requirimento de poñer o código de convenio nas altas, baixas e modificacións comunicadas á Seguridade Social axustou esta variable, de modo que se revisaron á baixa os datos correspondentes a 2015. Con todo, hai en decembro de 2016 un 54,38% máis de empresas con convenio rexistrado que

en decembro de 2013.

Crecen as empresas e os traballadores protexidos por convenio pero os salarios, a pesar de reflectir unha evolución á alza respecto de anos anteriores, onde practicamente estaban conxelados, sitúanse cunha subida media de tan só o 1,06%, claramente insuficiente cunha subida interanual do IPC do 1,6% e unhas expectativas de crecemento da economía para 2017 de entre o 1,1% e o 1,7%.

Con medio punto de poder de compra perdido polos traballadores no último ano, para UGT, resulta imprescindible aumentar os salarios entre un 1,8% e un 3% para iniciar a senda da recuperación económica para as familias, recuperar o poder adquisitivo perdido desde que comezou a crise (9,4 puntos menos entre 2008 e 2014), favorecer o crecemento económico, fomentando o consumo e o investimento, permitir a redución das desigualdades e os niveis de pobreza e fomentar a creación de emprego estable e con dereitos.

A agresiva desvalorización salarial dos últimos anos reflectiuse nun crecemento débil e un emprego precarizado. Para UGT, é urxente que os salarios recuperen poder adquisitivo, como é urxente unha aposta pola creación de emprego en cantidade e



de calidade, que permita un crecemento económico estable e sustentable. E, para iso, a política salarial de 2017 debe ser unha peza clave para solucionar as necesidades máis perentorias da economía española.

O sindicato rexeita unha subida salarial como a proposta por CEOE, cun límite máximo no 1,5% e un chan cero. O AENC asinou nun momento en que a situación económica era outra. Agora crecemos a un ritmo superior ao 3% e este crecemento ten que distribuírse alcanzando aos traballadores. Hai que garantir o seu traslado ás persoas.

Tendo en conta os convenios asinados durante 2016, pódese dicir que UGT negocia para a práctica totalidade dos traballadores deste país, o 97,8% dos traballadores e traballadoras. Desta forma, o sindicato negocia para o 82,4% dos traballadores con convenio de empresa (un 10% máis que en 2015) e para o 99,3% de traballadores con convenios de ámbito superior á empresa.

A MAIORÍA PARLAMENTARIA DEBE FACER REALIDADE, CANTO ANTES, A PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS

Redacción.- UGT considera que o aumento das desigualdades en España nos últimos anos (tal e como constata o Banco de España na Enquisa Financeira das Familias) non se debe só á crise, senón ás políticas de austeridade impostas, que actuaron como un catalizador para incrementar a pobreza e as desigualdades no noso país. Unha das medidas para paliar a actual situación que viven moitas persoas é a Prestación de Ingresos Mínimos. A maioría parlamentaria debe facer realidade, canto antes, esta prestación, unha demanda cidadá que debe configurarse como un novo dereito subxectivo.

O Banco de España volve ratificar o evidente, denunciado en reiteradas ocasións polos sindicatos e distintos organismos nacionais e internacionais: a crise non tratou a todos por igual, a desigualdade creceu de maneira alarmante no noso país.

UGT considera que este feito non é unicamente achacable á crise, senón ás políticas de austeridade impostas e que provocaron o efecto contrario: actuando como un catalizador para incrementar as desigualdades e o número de persoas en risco de pobreza e exclusión social.

Os recortes no Estado de Benestar provocaron unha diminución no sistema de protección social, afectando as persoas que se atopan en situación de desemprego, o que provocou que máis da metade non conten con ningunha protección. A reforma unilateral en materia de pensións supuxo unha diminución tanto das pensións presentes como das futuras. Así mesmo, as políticas activas de emprego están mal orientadas, polo que conduciron a un modelo de crecemento económico desigual e inxusto. Pola súa banda, a reforma laboral, precarizou o traballo, devaluou os salarios e debilitou a negociación colectiva. En España devaluáronse os dereitos laborais e disparáronse as desigualdades entre os máis ricos e os máis pobres.

Desde UGT esiximos un cambio de políticas e demandamos aos partidos políticos que sumen forzas no Parlamento para derrogar reformas que non velaron polo interese xeral. Propostas recollidas no documento presentado por ambos os sindicatos no documento: "20 Actuacións Urxentes polo progreso e o Benestar Social".

Unha destas actuacións para loitar contra a pobreza é o establecemento dunha Prestación de Ingresos Mínimos, unha Iniciativa Lexislativa Popular, que

conta co respaldo de 693.000 firmas e que os sindicatos presentaron no Parlamento e defendérona nunha comparecencia dos secretarios xerais, realizada a semana pasada, na Comisión de Emprego do Congreso dos Deputados.

Por que está ILP?

É un feito que a recuperación non chega a todos. Hai 13,2 millóns de persoas en risco de pobreza, 3,5 millóns que sofre pobreza severa, o desemprego xuvenil entre 16 e 24 anos pasa do 46%, a situación do desemprego xeral case se sitúa no 19% e a taxa de cobertura por desemprego está en torno ao 55%.

Cales son as características da Prestación de Ingresos Mínimos que defenden os sindicatos?

Esta prestación debe configurarse como un novo dereito subxectivo, dentro do sistema non contributivo da Seguridade Social destinada a garantir uns ingresos adecuados, para atender as súas necesidades máis esenciais.

Dirixese a persoas que, con dispoñibilidade para traballar, carecen de emprego e recursos económicos para si e, no seu caso, para os familiares ao seu cargo. Cálculase que os beneficiarios potenciais serían algo máis de 2 millóns de persoas.

A contía estimada é de 426 euros, equivalente ao 80% do IPREM (contía que aumentaría en función dos compoñentes da unidade familiar) e debe durar mentres se manteñan as condicións que dean acceso á prestación.

A prestación financiarase, vía impostos, mediante a achega do Estado fixada cada ano na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Para UGT, é hora de sumar, é hora de cambiar políticas que ata agora o único resultado foi unha desvalorización do traballo e unha perda de dereitos laborais e sociais. Desde o sindicato entendemos que esta proposición de Lei para unha Prestación de Ingresos Mínimos debe abrir un debate sobre cales son as políticas sociais que deberían desenvolverse no noso país nos próximos anos. Apelamos á pluralidade do Parlamento, para que sexa sensible á demanda social e faga realidade esta prestación canto antes.



Asínase o primeiro convenio colectivo do Refuxio de Bando

Redacción.- A Unión comarcal de UGT-Compostela-Barbanza informa que o Concello de Santiago e UGT veñen de asinar o primeiro convenio colectivo da Fundación refuxio de animais de interese galego (Refuxio de Bando).

O Sindicato destaca que este é o primeiro convenio colectivo destas características en todo o Estado e que vai supoñer para os traballadores do refuxio contar, a partir de agora, con garantías sociais, laborais e sindicais.

Entre outras cuestións, o convenio recolle a actualización do réxime de permisos laborais, a actualización das categorías profesionais, a actualización dos salarios e faise referencia expresa á consolidación dos postos de traballo.

Dende UGT-Compostela-Barbanza insítese na importancia deste primeiro convenio que vai regulamentar e mellorar, e moito, as condicións laborais dun grupo de traballadores que, ademais, realiza unha importante labor a prol da sociedade.



Continúa a loita dos traballadores do Real Aero Club de Vigo

Redacción.- A incertidume sobre o seu futuro e o mantemento dos seus postos de traballo segue ameazando aos traballadores do Real Aero Club de Vigo que continúan co calendario de mobilizacións trazado.

Concretamente, onte protagonizaron unha nova concentración en Cabral na que instaron ás partes negociadoras a que pechen un acordo xa que garanta o futuro das instalacións.